



## I edición do Premio de Literatura Infantil **SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHÉIMER**

A asociación AGADEA Alzhéimer **CONVOCA** o **I Premio de Literatura Infantil Simbad para o Recordo e o Alzhéimer** e faino coa vontade de concienciar a sociedade sobre a enfermidade do Alzheimer e outras doenzas varias que comparten a deterioración cognitiva e a perda da memoria e da identidade, ao tempo que quere facer reflexionar sobre a invisibilización e a estigmatización deste colectivo de enfermos, salientar a entrega, o desgaste e a importancia da figura do cuidador/a, a necesidade de xerar vínculos de afecto e empatía co resto da sociedade e, sobre todo, no que nos ocupa neste premio a necesidade de establecer unha relación entre nenos e maiores enfermos, pois está constatado que o apego e o cuidado favorecen a mellora da saúde dos doentes, así, dende AGADEA Alzhéimer queremos a través da palabra literaria como palabra que cura forxar un a necesaria implicación de todos os elementos da sociedade, que desenvolva o apoio e a necesidade da investigación científica e concencie e implique nesta realidade o mundo dos máis pequenos.

Así pois, con esta finalidade nace o premio en lingua galega **SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHÉIMER, que conta** coa axuda da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e da concellería de Servizos Sociais e Educación respectivas dos concellos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ribeira, Vedra, Trazo e Teo, concellos onde temos actualmente sedes dos nosos centros abertos.

O premio está rexido polas seguintes bases:

1. O premio, de carácter anual, inicia a súa andaina o día 24 de marzo, día a partir do cal se poderán enviar os orixinais e pecha o prazo de entrega dos ditos orixinais o día 15 de agosto, resolvendo o día 21 de setembro co gallo do Día do Alzhéimer.
2. O núcleo temático da obra será a enfermidade do Alzheimer e outras doenzas próximas de deterioración cognitiva, así como todos os elementos que xiran arredor delas, os xa mencionados (invisibilización e a estigmatización deste colectivo, a importancia da figura do cuidador/a, a necesidade de xerar de afecto e empatía da sociedade, a necesidade da relación nenos e maiores e a necesaria implicación de todos os elementos da sociedade e o apoio e a necesidade da investigación científica), tendo cabida tamén calquera outro tema relacionado con esta doenza, etc.

3. O idioma das obras presentadas será o galego. Excluíranse do premio obras traducidas de autores e autoras que non demostren competencia lingüística no idioma galego.
4. Poderán presentarse ao premio autores/as que teñan cumpridos os dezoito anos, de calquera nacionalidade cuxa obra estea escrita e soñada en galego por eles.
5. Os textos deberán ser orixinais, estaren inéditos e poderán pertencer a calquera dos seguintes xéneros propios da literatura infantil: novela, poesía, teatro, álbum ilustrado e novela gráfica, sempre respectando o código de literatura infantil e coas claves de seu que esta literatura comporta.
6. Establécese un único premio dotado con 3.000 €. O premio poderá quedar deserto, ser concedido con carácter *ex-aequo*; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as dúas persoas que resulten premiadas. Tamén se considera a posibilidade de nomear accésits, que non terán contía económica, pero para os cales o xurado recomendará a edición.
7. A obra poderá ser publicada en calquera editorial galega que así o desexe, logo de chegar a un acordo co autor ou autora premiado. Dende a asociación AGADEA Alzhéimer apoiaremos a edición da obra premiada coa compra de 100 exemplares, que serán repartidos entre os socios dos nosos distintos centros e institucións cooperadoras. Tamén lle entregaremos á persoa gañadora vinte exemplares da obra editada para a súa difusión.
8. O xurado estará formado por catro membros de recoñecido prestixio do mundo da literatura infantil e xuvenil, así como por Francisco Castro, presidente *ad honorem* do premio **SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHÉIMER** en agradecemento a súa obra referencial e pioneira no mundo do Alzhéimer en Galicia, *Chamádeme Simbad*.
9. As obras presentaranse, preferentemente, en soporte dixital USB/CD, e noutro sobre a plica na que figuren os datos persoais e un teléfono de contacto, así como a declaración de orixinalidade e non edición nin difusión pública. O sobre que contén a plica e mais o USB será enviado á nosa sede de AGADEA Santiago: Rúa de Salgueiriños de Abaixo, nº 15. 15704 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no exterior **I Premio Simbad para o Recordo e o Alzhéimer**. Tamén poden enviarse en formato papel coa presentación de 5 exemplares perfectamente grampados, cosidos ou encanutillados, acompañados dun sobre que contén a plica cos datos anteriormente mencionados.

Santiago de Compostela, 24 de marzo, de 2022

Sinatura e selo